ESTRELA DO MARMITO

Estrela García Caamaño

(1917-2001)

Regoelle, Olveira, Dumbría, A Coruña

Retrato inspirado nunha fotografía da colección Schubarth-Santamarina, depositada por Dorothé Schubarth no APOI (cortesía do Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego). Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.

ESTRELA DO MARMITO

Estrela García Caamaño
(1917-2001)
Regoelle, Olveira, Dumbría, A Coruña

Muiñeira[3]

[No lugar de] Ragüelle
ha unha pedra marela
donde se sentan os mosos
cando van ver Manuela
ai la ra la la la la
ai la ra la la la la la

As mosiñas de Ragüelle
cando van para la misa
deixan o lume cheghado
coa faldra da camisa
ai la ra la la la la
ai la ra la la la la la

No lugar de Ragoelle
*i*há unha pedra d'asento
donde se sentan os mosos
cando van ó casamento
ai la ra la la la la
ai la ra la la la la la

Entro pola sancristía
salgo polo campanario
pra lle da-los buenos días
a la Virghen del Rosario

3. Estrela foi unha informante destacada de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina (1984-1995). Esta muiñeira pode atoparse no cancioneiro seguindo as seguintes referencias:
Tomo IV: Melodía 44e, Letras 418, 520a, 541b, 938. Localización da cinta: Mazaricos III, 1, 441.